



XORNALISTA COMPROMETIDA COA LINGUA

"A sorte que teño podendo vivir en galego, en italiano e en castelán é o tesouro máis grande que podó darlle aos meus fillos. Aconsellaríalle a calquera persoa que viva intensamente calquera tipo de cultura e lingua, minoritaria ou non, á marxe da propia".



Nacín en 1979 na provincia de Como, preto de Milán, estudei Liceo Clásico na cidade de Como e logo xornalismo en Bolonia. Tomei unha decisión estudando en Bolonia que daquela era un pouco diferente no meu entorno, xa que a maioría dos mozos e mozas quedaban en Milán, e foi grazas á miña avoa que decidiu investir na miña educación, polo que fixen por vez primeira un cambio importante na miña vida. Sempre fóra bastante tímida e costábame relacionarme, así é que esa mudanza abriume ao mundo e demostroume que se quería, eu tamén podía facer como o resto.

En cuarto de carreira tiña claro que quería saír fóra do país e, cando foron publicados os bandos Erasmus, decidín presentarme para Barcelona e Santiago; coa primeira opción non tiven sorte, pero en Santiago colléronme. Cando vin onde estaba no mapa pensei: un pouco lonxe, se me arrepiño serame máis complicado volver para a casa.

Ao principio cando cheguei pensaba que a maioría da xente falaba galego, porque como me relacionaba na universidade nun entorno de galegofalantes estaba convencida que en Galiza a maioría da xente falaba galego, até que unha fin de semana fun a Moaña á casa dunha das miñas compañeiras de piso e vin que de todo o grupo no que estabamos, ela era a única que falaba galego.

"Saber desprenderse das túas raíces permíteche cuestionar os prexuízos que determinan a túa cultura e ter visións que nun mesmo contexto non chegarías a percibir".

Desde fóra coa imaxe que chega de Cataluña e Euskadi pensamos que neses territorios fálase o idioma de alí, que era tamén o que pensaba eu ao principio. Cando lles expliquei a meus pais que en realidade en Galiza falábase máis español que galego, sorprendéronse por exemplo de que non houbera prensa diaria en galego. Pensaban que de haber dúas linguas a minoritaria sería a de fóra, non a propia. É complicado pensar cando ves dun entorno monolingüe que o bilingüismo sexan dous bloques separados, dúas linguas ao mesmo tempo en tensión polas dificultades de equilibrio. Pensas que todo o mundo fala as dúas cousas, pero non sabes as porcentaxes nin de que forma.

Eu non quero ser pesimista, pero os meus nenos falan galego e estou segura que serán das últimas xeracións que teñan ao idioma propio como lingua nai. A colonización é cada vez máis evidente e nas cidades principais por moito que intentes na casa defender o galego só podes aspirar a iso, a que o falen nese contexto, pero fóra non. Eu véxoo cos meus nenos, se hai cinco pequenos e catro falan galego e un castelán, múdanse sempre os catro ao castelán e non á inversa.

"Cheguei á conclusión de que aquí non podes vivir totalmente en galego, non podes pensar vivir unicamente en galego, pero desafortunadamente o contrario si é posible, podes vivir aquí totalmente en castelán que non pasa nada".